

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DUN TRABALLADOR COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA TAREFAS COMO CONDUCTOR DO TRACTOR E DO CAMIÓN DO LIXO, DURANTE O PERIODO DE TRES MESES.

1ª.- Obxecto da convocatoria: Contratación dun traballador para a realización dos traballos de conductor do tractor-desbrozadora, adscrito na RPT na Unidade de obras (05,01,00,03,07) e camión de recollida de lixo, adscrito na RPT na unidade de limpeza, sección de recollida de lixo (05,05,01,02,19) e (05,05,01,02,20).

2ª.- Número de Prazas: unha.

3ª.- Tipo e Duración do Contrato: O contrato será de duración determinada, baixo a modalidade de eventual por interinidade, para suplir a traballadores en vacacións, sendo a duración do contrato dende a súa sinatura ata o 20 de outubro de 2014.

A xornada laboral será de 37,5 horas semanais e o horario será establecido polo Responsable do Servicio, coa autorización do alcalde-presidente. O Salario será o indicado para o posto no Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Pontedeume, publicado no BOP nº 56 do 09.03.2007, (con revisión das táboas salariais anuais con efectos de 1 de xaneiro, tendo a equiparación salarial ó persoal funcionario que realice as mesmas funcións), e tendo en conta as medidas extraordinarias para a redución do déficit público, tal e como se establece no Real-Decreto Lei nº 8 do 20 de maio de 2010, e no Real-Decreto Lei 20/2012 de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade.

4ª.- Condicións dos traballos a realizar: O Traballador contratado realizará tarefas de conductor do tractor-desbrozadora, con pala-remolque, e do camión do servizo de recollida de lixo, en substitución dos traballadores en plantilla, en quendas en substitución polas vacacións regulamentarias.

5ª.- Requisitos xerais dos Aspirantes: Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

- Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles Estados ós que en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente, ademais, consonte co disposto pola Lei 17/1993, do 23 de decembro; así como no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, tamén poderán acceder á praza os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe –sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

- Ser maior de idade.

- Estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria ou equivalente.

- Non padecer enfermidade ou eiva física que a xuízo de facultativo, impida ou limite o desenvolvemento dos traballos a realizar.

- Non estar separado do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario.

- Non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación laboral vixente.

- Estar en posesión do título de haber realizado o “curso de iniciación” de galego, ou contar con certificación de lingua galega do nivel 3. (Celga 3), ou acreditar un coñecemento equivalente.

Os presentes requisitos entenderanse referidos á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias.

6ª.- Requisitos particulares dos aspirantes: Os requisitos particulares para ocupa-lo posto de traballo, serán os seguintes:

- Ter carnet de conducir clase C.

7ª.- Solicitudes: Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicita-la súa participación mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde, conforme MODELO oficial que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello.

O prazo de presentación de instancias será de CINCO DIAS NATURAIS a contar desde o seguinte ó da data de publicación desta convocatoria nun xornal dos da máxima difusión da provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, ou pola forma que determina o art. 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común, si se obtase por algunha destas formas de presentación de instancias, deberán comunicalo ao Concello, con anterioridade á data de remate do prazo de presentación de instancias.

8ª.- Lista de admitidos e excluídos: A lista de admitidos e excluídos publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello o segundo día hábil seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de instancias, concedendo dous días hábiles para a presentación de reclamacións, o día seguinte en que remate o prazo de reclamacións, publicarase a lista definitiva de admitidos e excluídos, na referida lista indicarse a data e hora para a realización das probas da selección.

9ª.- Sistema de Selección: A selección realizarase de conformidade co previsto na presente base polo sistema de oposición:

A fase de oposición consistirá en:

PRIMEIRO EXERCIZO: Contestar un cuestionario de 10 preguntas relacionadas cos temas seguintes:

- Reglamenteo Xeral de Circulación.
 - Ley de Prevención de Riscos Laborais.
 - Coñecementos sobre parroquias, rúas, lugares, etc, do Concello de Pontedeume.
- Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 5 para supera-la proba.

SEGUNDO EXERCIZO: Proba práctica.

Consistirá na realización dun exercizo práctico con algún dos vehículos municipais (camión de recollida de lixo ou tractor-desbrozadora) puntuarase ata un máximo de 5 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 2,5 puntos para supera-la proba.

Proba excluínte:

Todos os aspirantes que superaron as probas indicadas e que non acreditaron estar en posesión do título do “curso de iniciación” de galego, ou contar con certificación de lingua galega do nivel 3. (Celga 3), deberán realizar unha proba escrita, proposta polo tribunal, coa finalidade de acreditar un coñecemento equivalente. A súa calificación será de apto ou non apto, tendo que ser declarado como apto, para dar a proba como superada.

Consideraranse como aptos todos os aspirantes que acrediten estar en posesión do título de curso de iniciación de galego ou contar coa certificación do (Celga 3).

10ª.- Puntuación Final: Os candidatos seleccionados serán os que obteñan unha maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas no cuestionario mencionado e a proba práctica, indicadas na base anterior.

En caso de empate na puntuación final terá preferencia o candidato que maior puntuación acadase no cuestionario. Se persiste o empate decidirá o voto de calidade do Presidente do Tribunal.

Non poderán seleccionarse máis candidatos que prazas convocadas, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados, elaborárase unha relación de reservas, pola orde a puntuación acadada, por si fora preciso cubri-la posible baixa do seleccionado, e só válido para esta contratación

11ª.- Tribunal Calificador:

A composición do tribunal, segundo o artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público;

1.- Estará formado do seguinte xeito:

Un Presidente, Un Secretario e catro vocais, que serán nomeados na relación de aspirantes admitidos no proceso de selección.

2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de dous dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso será precisa a do presidente e do secretario do mesmo. De todas as reunións que faga o tribunal levantárase acta polo secretario do mesmo.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicáranos a autoridade convocante cando concorra algunha das circunstancias prevista no artigo 28.2 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan na aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

5.- O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ó de prazas convocadas.

6.- O Tribunal poderá autoriza-la incorporación ás sesións dun/s asesor/es, con voz e sen voto, cando excepcionalmente se requira para a adecuada cualificación.

7.- O alcalde, vista a proposta do Tribunal, procederá á adopción do Decreto correspondente que resolverá a contratación.

12ª.- Formalización dos Contratos:

1.- A proposta do Tribunal cualificador elevarase á Alcaldía Presidencia, para a resolución do expediente de selección, mediante Decreto, que será publicado no Taboleiro de Anuncios do Concello.

2.- O aspirante seleccionado presentará dentro do prazo de dous días naturais, desde que se faga pública a súa aprobación, os documentos acreditativos das condicións que para tomar parte na oposición se esixen nas bases quinta e sexta, que non foran presentadas xunto coa solicitude.

3.- A persoa que resulte seleccionada, fará declaración de que cumpre os requisitos mínimos que recolle a base quinta e sexta, incorrendo no delicto correspondente por falsidade de non ser veraz o asinado por aquelas.

4.- O contrato formalízase co aspirante seleccionado no prazo máximo de cinco días naturais dende a data de notificación do Decreto de nomeamento, procedendo á súa alta na seguridade social e en nómina.

13ª.-Dereito supletorio:

No non previsto nestas Bases estarase ó disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente ó disposto no Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro e no Real Decreto Lei 8/1997, de 16 de maio, e demais lexislación concordante en materia laboral.

14ª.- Norma Final:

A presente convocatoria, as súas Bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven, e das actuacións do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma dispostos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O Tribunal queda facultado para resolver tódalas dúbidas que xurdan na aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas .

Pontedeume, 21 de xullo de 2014.

**O concelleiro-delegado de
Urbanismo e Réxime Interior.
P.D. Resolución nº 676/2011.
(BOP nº 134 do 14.07.11).**

Asdo. Eugenio Otero González.

Ó SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

D./Dna. _____ de _____ anos, con domicilio en _____, Rúa/ _____ nº _____, piso _____ C.P. _____, Teléfono _____ e D.N.I nº _____, ante VS. comparezco para manifestar:

Que desexo participar no proceso selectivo convocado para a selección de un traballador/a **como persoal laboral temporal para tarefas como CONDUCTOR/A DO TRACTOR E DO CAMIÓN RECOLLIDA DE LIXO**, convocada por Resolución de 28.07.2014, e publicada no xornal “La Voz de Galicia” de data 29 de xullo de 2014.

Que reúno tódolos requisitos esixidos, referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude, nas Bases que acepto e declaro coñecer e que son certos os datos obrantes na presente instancia, comprometéndome a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude, e no suposto de obte-la praza a prestar xuramento ou promesa do cargo, consonte ó disposto no R.D. 707/1979, do 5 de abril.

Adxunto achego coa presente instancia, segundo dispón a Base 6ª da Convocatoria:

*Fotocopia do D.N.I.

*Copia dos documentos xustificativos dos seguintes méritos que se alegan:

*Copia do permiso de conducir clase C.

1.-

2.-

3.-

4.-

5.-

Por todo o exposto, **SOLICITO:**

SER ADMITIDO A PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PRAZA DE CONDUCTOR DO TRACTOR E DO CAMIÓN DE RECOLLIDA DE LIXO DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

En Pontedeume,de de 2014.

(Sinatura)